

Texto e fotos : Xurxo L. Valcárcel Gil
Imaxes: Leandro



Nas devesas, nos bosques fermosos e inclinados de faias,
capudres, rebolos, acivros, teixos, bidueiras.. das montañas do
Caurel,



habita o Apalpador,
un vello xigante bondadoso
que viste roupa moi gastada e remendada,
abriga a cabeza con boina, fuma en pipa,
ten por oficio o antigo de facer carbón vexetal, e come bagas,
froitos silvestres, e tamén xabaríns e corzos; se cadra, algunha
perdiz.



Na noite do 31 de decembro, cando morre un ano e vai nacer
outro, baixa da súa cabana alta e solitaria das abas percorridas
por mil regatos da serra



cun enorme saco de castañas asadas ó lombo, e entre o frío e a
neve, visita todas as aldeas dos vales circundantes, os lugares
onde aínda hai nenos.

Cando xa todos durmen, entra nas casas, e tendo moita conta de non facer ruído, apalpa as barrigas dos pequenos por ver se están ou non ben alimentados. Se comproba que a criatura está mantida, di: "Así, así esteas todo o ano", e deixa ó lado da cama unha boa presada de froitos arrecendentes, mais se observa que non é así, cala, non di nada, e doa tamén o seu presente, aínda que, por fortuna, hai moitísimos anos que non ve ventres baleiros, porque a fame xa non vive en ningún recanto do noso país. E non só froitos do castiñeiro entrega, que dende hai un tempo seica os acompaña cun pequeniño xoguete de construción artesanal cheo de agarimo. Co abrente, logo do reparto, regresa ó seu acubillo do bosque mesto.



Nos pobos, para acougar ós nenos, nervosos pola inminente chegada de tan importante personaxe, a xente vella cantáballes a seguinte cantiga, que lle foi recollida polo antropólogo José André Lôpez González á Sra. Amadora de Galego, unha labrega xa falecida da aldea de Romeor do Caurel, en decembro de 1994:

Vaite logo meu minín/miniña
marcha agora pra camiña.
Que vai vir o Apalpador
a palparche a barriguiña.

Xa chegou o día grande,
día do noso Señor.
Xa chegou o día grande,
e virá o Apalpador.

Mañá é día de cachela,
que haberá gran nevarada
e ha vir o Apalpador
cunha mega de castañas.

Por aquela cemba
xa vén relumbrando
o señor Apalpador
para darvos o aguinaldo.

Esta é unha tradición mantida dende a noite dos tempos nas montañas do Caurel, da Lóuzara e do Cebreiro, que ten a súa réplica nas serras centrais ourensás de Manzaneda, Queixa, ou Invernadoiro, na figura do señor Pandigueiro, que deixa como agasallo pugarzos, que así chaman naquelas terras ás castañas cocidas en leite. Trátase dun rito derivado do pan-indoeuropeo da queima do toro de Nadal, ligado ó sol, produtor de vida, aínda mantido hoxe, que deu lugar á árbore de luces que poñemos nas nosas casas, e emparentado con outros personaxes míticos similares de Europa como Santa Claus, o Esteru asturiano e cántabro ou o Olentzero basco. O Apalpador é o que nos resta dun antigo deus precristián, que agora só mantén as funcións de anunciador infantil da fartura e da protección, simbolizadas nun leñador que convirte a madeira en carbón, fonte de luz e calor, e que é doador de froitos.

É a nosa responsabilidade que non se esqueza o rito, o símbolo, o costume que se supón estivo estendido por toda Galicia, e que se mantivo vivo ó longo dos séculos nos puntos máis afastados da nosa